



Información- AXUDAS DE LIBROS DE TEXTO Cursos 1º e 2º de E.P.

Estimadas familias:

No **DIARIO OFICIAL DE GALICIA** do xoves 18 de maio de 2022 Orde do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23 para os alumnos matriculados en 1º e 2º educación primaria no curso escolar 2022-23

Os requisitos para poder solicitar esta axuda son os seguintes :

- Estar matriculado en 1º e 2º de Educación Primaria durante o curso 2022-23
- Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 € no importe sobre a renda do ano 2020.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros

computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2020, sumaranse a base impositiva xeral (recadro 435) e a base impositiva do aforro (recadro 460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria

Cuantía das axudas

- a) Para o alumnado de 1º e 2º de EP:
 - 1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 €.
 - 2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140 €.
- b) Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a que se refire a disposición adicional segunda desta orde:
Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP:
 - 1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 €.
 - 2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140 €.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes :

- As solicitudes, según o anexo I a esta orde, enviámolas a través dos nenos-as a cada familia.
- Poden cubrirse directamente na Sede Electronica da Xunta de Galicia, **NESTE CASO SERÁ UNHA SOLICITUDE POR ALUMNO, NO FORMULARIO NORMALIZADO (ANEXO I), na aplicación informática FONDOLIBROS, (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>), A TRAVÉS DE CHAVE 365,DNI ELECTRÓNICO ou CERTIFICADO DIXITAL**
- Se a solicitude se entrega no CEIP, **PARA OS IRMÁNS ESCOLARIZADOS NO MESMO CENTRO CÚBRESE UNHA ÚNICA SOLICITUDE.**
- **SE PRESENTADES AS SOLICITUDES NO CENTRO EDUCATIVO, facédeo antes do día 22 de xuño de 2022. Se presentades na SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA, o prazo será ata o 22 de xuño incluído.**
- **Para as familias que decidan presentar as solicitudes no colexio, PODEDES ENVIAR A SOLICITUDE CUBERTA E ASINADA, MAILA DOCUMENTACIÓN NECESARIA, POLOS NENOS-AS. SE PREFERIDES ENTREGALR VÓS TODO, CONTACTADE COA DIRECTORA A TRAVÉS DO TELÉFONO DO CEIP PARA DESIGNAR DÍA E HORA NO QUE PODEDES ACHEGAR TODO ANTES DO 22 DE XUÑO.**

Documentación Xunto coa solicitude (ANEXO I) presentárase a seguinte documentación :

- a) **Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).**
- b) **Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.**

En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- 1º. Certificado ou volante de convivencia.
- 2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

- c) **Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.**
- d) **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cando o agresor forme parte da unidade familiar.**
- e) **Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.**
- f) **Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.**
- g) **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.**

AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR (50 euros)

Destinado a alumnado matriculado en EP con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €